

PROPOSTA DE DOCUMENTO PROGRAMÁTICO

No momento de abordar o novo proxecto que necesita Galicia e o ben común debemos partir de dúas premisas. A primeira, que a resolución dos grandes problemas aos que nos enfrontamos e as grandes encrucilladas que ten o pensamento non se van solventar da noite para a mañá e desde Galicia para o mundo, senón nunha construción de novo pensamento coral e global. A segunda, que temos que experimentar e construír algo novo. Os instrumentos políticos tradicionais están entalados polas súas eivas.

Temos que construír algo novo e témolo que construír desde o 'construtor' dunha nova identidade. Unha nova identidade ligada aos seguintes eixes: o galeguismo político e o soberanismo cívico, a esquerda renovadora, o ecoloxismo político e a radicalidade democrática.

I. DEFENSA DA DEMOCRACIA, REXENERACIÓN POLÍTICA E PARTICIPACIÓN CIDADÁ

I.1. Diagnose

Existe unha forte desafección polo sistema político actual e polas formas de participación social na vida política. É un síntoma que se observa en zonas moi diversas do planeta en distintos grados pero cunha clara transversalidade cultural e institucional. No noso caso esta desafección estase vendo agudizada polo forte impacto crise económica, particularmente na poboación máis nova.

I.2. Propostas

- Situar con forza un programa de rexeneración democrática que camiñe cara a unha democracia máis participativa onde, por unha banda, as actuais institucións públicas contén un concurso máis activo da cidadanía e, pola outra, novas formas de institucionalidade impulsadas pola sociedade civil se establezan e consoliden.
- Establecer un diálogo fluído cos axentes e movementos sociais, nomeadamente cos que compartimos obxectivos e aspiracións, cun afán de colaboración e respecto a súa independencia e evitando calquera instrumentalización.
- Apostar pola construción dunha Unión Europea verdadeiramente democrática, contribuíndo á creación dunha sociedade civil Europea que defenda valores que nos son comúns, nomeadamente o modelo de economía social de mercado cunha forte compoñente de igualdade social.
- Apostar por unha mundialización cívica incluíndo a reforma en profundidade do Sistema das Nacións Unidas, unha verdadeira xustiza universal e Tribunal Penal Internacional, a abolición dos paraísos fiscais, da débeda externa e a posta en marcha do Tribunal Ecolóxico Mundial.
- Promover a cultura da paz cunha aposta pola educación pola paz, o diálogo intercultural e interreligioso, a resolución pacífica dos conflitos, etc

I.3. Algunhas medidas inmediatas

- Reformar o sistema electoral. Suprimíranse os elementos que deforman a vontade expresada pola cidadanía (limiars mínimos, etc), instaurárase a circunscrición galega en todos os procesos electorais superiores ao local e implantáranse as listas abertas nos procesos electorais.

- Mellorar a transparencia pública e fomentar a participación cidadá, en particular no ámbito local. Para iso ampliarase o ámbito de aplicabilidade das ILPs, instituirase e promoverase o sistema de referendos particularmente no ámbito local e implantaranse prácticas de goberno aberto tales como os Orzamentos Participativos.
- En canto ao exercicio dos cargos públicos, limitarse por lei o número de mandatos en cargos electos en particular os de carácter executivo, limitarse a compatibilidade na percepción de remuneracións públicas e privadas logo do abandono da actividade pública e, como liña xeral, eliminaranse os privilexios económicos dos cargos públicos baixo criterios obxectivos e de igualdade social.
- Promover o dereito a unha información independente, veraz e de calidade. Aprobación dunha Lei de Garantías do Dereito á Información que preserve o dereito da cidadanía a obter unha información de calidade; regular o sistema de subvencións aos medios de comunicación equiparándoos aos de calquera outra actividade económica así como o de publicidade institucional; implantar para a CRTVG un réxime verdadeiramente autónomo do Goberno galego.
- Regulamentar estritamente as campañas electorais e o financiamento dos partidos políticos.

II. SUPERACIÓN DA CRISE ECONÓMICA, DESENVOLVEMENTO E SUSTENTABILIDADE

II.1. Diagnose

A crise actual non é unha crise cíclica máis do capitalismo, senón que estamos diante da crise do modelo imperante nas últimas décadas. A situación que se está a vivir desmente rotundamente as teses dominantes da ideoloxía neoliberal e pon de manifesto que son en última instancia os poderes públicos os garantes fundamentais da estabilidade económica. As políticas económicas que se están a seguir na actualidade, en particular na Unión Europea, seguen un camiño equivocado e só inciden nos erros cometidos. A austeridade por si soa non resolve senón que empeora a situación económica, particularmente nos países da periferia Europea.

Por outra banda, é necesario reformular o modelo de crecemento actual camiñando cara o desenvolvemento sustentábel. Existen límites ao crecemento material das economías e, ao mesmo tempo, o crecente consumo enerxético pon en perigo o ecosistema do planeta. En ningún outro ámbito como neste se fai urxente aplicar a máxima de “pensar globalmente e actuar localmente”, adecuándose a nosa realidade pero de forma decidida.

Por último, no ámbito galego debemos ser conscientes das fortes mudanzas experimentadas pola nosa economía nas últimas décadas. Se ben a nosa economía ocupa aínda hoxe, tanto no contexto estatal como no europeo, unha posición periférica, afastada dos centros de poder económico e cuns niveis de desenvolvemento comparativamente baixos, o País foi quen de incorporarse á modernidade grazas as forzas e capacidades da sociedade galega. Dende o punto de vista político, a aparición e consolidación das institucións autonómicas constituíu un punto de inflexión na mellora dos niveis de desenvolvemento económico de Galicia.

A Galicia que queremos, de acordo ao concepto de sustentabilidade, tería estas cinco características principais:

- Menor déficit ecolóxico
- Ecoeficiente e limpa
- Cun territorio ben coidado e rica en biodiversidade
- Socialmente xusta
- Economicamente próspera

II.2. Propostas

- No eido internacional o tramado económico-institucional conformado polo Banco Mundial, o Fondo Monetario Internacional e a Organización Mundial do Comercio debe ser reformulado. O obxectivo estratéxico destas institucións non debe ser outro que o desenvolvemento sustentábel e igualitario entre os distintos pobos do mundo.
- Cómpre recobrar a misión reguladora e estabilizadora do sector público nas economías. A política fiscal debe recobrar a súa función redistributiva e anticíclica para atender ao obxectivo da xustiza social, o desenvolvemento e o pleno emprego. O sector financeiro debe ser obxecto de forte regulación, en particular os movementos de capital financeiro internacional. Apostamos por unha taxa que grave as transaccións financeiras.
- No eido Europeo débese apostar pola reforma das institucións comunitarias, creando un tesouro común Europeo (Eurobonos), dotando de maiores recursos os orzamentos Comunitarios e modificando o funcionamento do BCE.
- Reformular as Directrices de Ordenación do Territorio e establecer un plano de ordenamento do territorio baixo a lóxica da sustentabilidade. Protexer os terreos de titularidade pública no dominio público hidráulico e promover unha estratexia de xestión integrada do litoral. Crear unha rede completa e ben xestionada de espazos naturais de protección especial terrestres e mariños unida por corredores ecolóxicos que inclúa a Rede Natura 2000.
- Propoñemos un “Plan de Investimento Verde” a nivel Europeo orientando cara o desenvolvemento sustentábel, con planos ambiciosos que persigan, entre outras metas, o aforro e eficiencia enerxética e a aposta polas enerxías renovábeis co obxectivo de acadar a autosuficiencia enerxética mediante a súa implantación no menor período posíbel e especialmente dirixido para estimular o crecemento dos países periféricos con maiores problemas de déficit público.
- No eido fiscal, cómpre unha fonda reforma fiscal que permita crear un sistema realmente redistributivo. Revisar e eliminar figuras de evasión de impostos tales como as SICAV, establecer un plano contundente contra a fraude fiscal dotado dos medios necesarios e desenvolver unha fiscalidade verde que promova a imprescindible sustentabilidade ambiental da nosa sociedade potenciando as prácticas e iniciativas que axuden no necesario cambio de paradigma social e ambiental.
- Apostamos por unha sociedade dinámica, que acolla, potencie e valore os/as emprendedores/as capaces de desenvolveren proxectos creativos e innovadores, orientados á creación de emprego digno e de calidade.

II.3. Algunhas medidas Inmediatas

- Incremento do IRPF no tramo autonómico para as rendas máis altas e desenvolvemento da imposición fiscal autonómica verde. Identificar e establecer un calendario para eliminar progresivamente as axudas públicas a actividades insustentábeis.
- Posta en marcha dun Plan Galego da Innovación que incremente os recursos para a formación e a I+D+i, apostando por novos sectores emerxentes tales como as enerxías renovábeis, as biotecnoloxías ou as industrias creativas.
- Lanzamento dun “Plan de Investimento Verde” dirixido a impulsar as enerxías limpas co obxectivo de acadar o autoabastecemento enerxético 100% renovábel e que conteña un ambicioso plan de aforro de enerxético, con incidencia inmediata na infraestrutura pública.

- Aprobación dun “Plan integral de valorización do Medio Rural” que aposte pola valorización ambiental e económica dos territorios rurais impulsando iniciativas de produción agro-industrial baseadas en cadeas curtas de produción-distribución-venta, que sirvan para producir alimentos saudábeis e para fixar rendas no eido rural.
- Elaboración dun “Plan integral de valorización do Medio Costeiro” que compatibilice os usos económicos, ambientais e turísticos destes territorios, impulsando iniciativas empresariais sustentábeis.
- Posta en marcha dun “Plan galego de transporte e infraestrutura”, dirixido a racionalizar e optimizar as infraestruturas con especial atención ao eido ferroviario. Como prioridade, completarase a conexión de velocidade alta entre as cidades galegas e apostarase decididamente polo tren de proximidade.
- Racionalización do espazo aeroportuario galego, situando ao actual aeroporto de Santiago de Compostela como o aeroporto internacional de Galicia e promovendo a especialización dos outros dous aeroportos en mercadorías e conexións de curta distancia.
- Creación dun “Instituto de Crédito Galego”, maioritariamente público, que se rexa por principios éticos, e destinado a apoiar financeiramente o tecido produtivo galego para avanzar cara á sustentabilidade.
- Accións chave de acción para unha Galicia sustentábel:
 - Actuar positivamente fronte ao cambio climático.
 - Implantar unha nova cultura do territorio.
 - Implantar a contratación pública verde.
 - Impulsar a xestión sustentábel dos recursos naturais, promovendo a ecoeficiencia e a ecoinnovación para atinxir un obxectivo global de mellora da eficiencia no uso dos recursos naturais.
 - Facer unha reconversión ecolóxica do transporte.
 - Garantir a aplicación da lexislación ambiental, reforzando os medios en vixilancia e administración.
 - Fomentar a educación para a sustentabilidade.

III. AUTOGOBERNO E IDENTIDADE

III.1. Diagnose

Galicia é unha nación, en termos sociais e culturais, porque a cidadanía galega mantivo e mantén, mesmo a pesar de todas as dificultades, unha identidade colectiva propia da que a lingua é un elemento sobranceiro. En termos políticos, porén, a asunción do carácter nacional e a consecuente conquista da soberanía política constitúen aínda un desafío: o nacionalismo percorreu ate agora unha parte importante do camiño, mais é necesario alargar a adhesión social a un proxecto nacional para Galicia.

Galicia é unha nación europea. Mais a nosa forma de sermos europeos ten que partir sempre da identidade propia e da capacidade de relacionarnos con outros pobos en pé de igualdade. O actual proceso de construción Europea amosa sen embargo un grande déficit democrático que constitúe polo que é necesario revisalo e levantar o edificio institucional común con bases diferentes. Aspiramos a que Galicia sexa suxeito activo no proceso de construción política, social e cultural de Europa. Recuperando o ideario do Partido Galeguista e da Xeración Nós, concibimos Galicia como célula de universalidade, universalidade que ten a Europa como primeiro chanzo.

A autonomía supuxo un avance histórico transcendental e constitúe unha ferramenta importante no proceso de conquista do autogoberno efectivo e a soberanía política. Xa que logo, a autonomía debe ser aproveitada tanto para realizar todos os avances que o actual marco legal permite, e que a falta de vontade política dos gobernos do PP impediu ata agora facer efectivos, como tamén para lle demostrar á cidadanía a insuficiencia competencial e financeira a que nos aboca o Estado español e, en consecuencia, a necesidade de superación dese marco.

A lingua galega é o eixo que vertebra o carácter nacional de Galicia e é por iso polo que as institucións propias teñen un compromiso fundacional coa recuperación e promoción da nosa lingua. Na actualidade, existe unha campaña de acoso e persecución do galego por parte de sectores reaccionarios de dentro e fóra do país que lamentabelmente comparte unha parte moi importante do partido hoxe gobernante, o cal limita os efectos do compromiso institucional mencionado.

Afirmamos que Galicia ten dereito ao pleno exercicio da súa soberanía. Entendemos esta como un proceso de construción do autogoberno que se vai concretando de diferentes xeitos en etapas diferentes. Á hora de abordar os dereitos nacionais de Galicia na realidade de hoxe partimos de catro circunstancias necesariamente a ter en conta:

- O esgotamento do modelo saído da transición e do seu armazón político-xurídico
- O proceso de integración económica global dirixida polos oligopolios e que proxecta unha homoxeneización cultural, idiomática e de hábitos de vida e consumo
- A recentralización política e o recorte do estado de benestar.
- A convivencia na cidadanía de afirmacións identitarias diversas.

III.2. Propostas e medidas inmediatas

- Debemos deseñar unha estratexia actualizada para sumar o maior número de segmentos sociais á defensa da nosa lingua, e que aproveite as oportunidades de pertencer ao sistema lingüístico galego-portugués.
- Galicia precisa de xeito inmediato unha Axenda de Política Exterior que promova o papel e os intereses de Galicia no mundo, aproveitando os vínculos da emigración exterior e valorizando a nosa lingua, como instrumento especialmente útil no ámbito lingüístico galego-portugués.
- Galicia ten que estar representada nas institucións Europeas ao igual que as restantes nacións Europeas sen Estado. Apostamos pola creación dun espazo institucional de relevancia para facer efectivo este obxectivo.
- O actual marco constitucional e autonómico debe ser reformulado de cara a un mellor acomodo das distintas realidades nacionais que conviven no seu seo. Apostamos por avanzar cara a un Estado plurinacional, que adopte a forma de República, no que se estableza un modelo aceptábel para todos os pobos que coexisten no Estado español.
- Galicia necesita un Novo Estatuto que avance no autogoberno e blinde as competencias actualmente existentes. O Novo Estatuto debe incluír a posta en marcha dun modelo de financiamento semellante aos sistemas Basco e Navarro.
- Cómpre reformular a estrutura territorial administrativa apostando pola eliminación inmediata das deputacións e a por figuras de coordinación das entidades locais (mancomunidades, áreas metropolitanas, fusiões, etc).

IV. SERVIZOS PÚBLICOS E DEREITOS SOCIAIS

IV.1. Diagnose

Coa escusa da crise, estamos asistindo a un proceso de desmantelamento dos servizos básicos do Estado de Benestar. O desenvolvemento destes servizos veu da man no caso galego da consolidación das institucións propias, por iso non é casualidade que o actual goberno do PP no Estado anuncie a reformulación do “Estado Autonómico” mentres aplica recortes inéditos no Estado do Benestar. Na actualidade están en perigo os dous principais logros colectivos dos galegos nas últimas décadas: os servizos básicos do Estado do Benestar e o Autogoberno.

IV.2. Propostas

- Defendemos a intervención pública e a regulación dos mercados como garantes da igualdade de oportunidades e a cohesión social. A consolidación e mellora do Estado do Benestar xurdido na segunda metade do século XX e desenvolvido da man das institucións propias do país é un eixo de acción fundamental. A educación, a saúde, os servizos sociais, o compromiso cos dereitos laborais e sociais dos traballadores e traballadoras, as políticas de igualdade de xénero e a xestión sustentábel dos recursos naturais constitúen os piares básicos do modelo social e económico que defendemos.
- Apostamos por un Estado do Benestar eficiente, que garanta un acceso universal aos servizos públicos co mínimo custo posíbel para a cidadanía como mellor xeito de impedir a súa mercantilización. Con ese obxectivo cómpre mellorar o funcionamento das Administracións Públicas de cara a incrementar a súa eficiencia, e darlle unha maior participación directa á cidadanía nos poderes e na xestión dos servizos públicos.

IV.3. Medidas Inmediatas

- Creación do “Sistema Galego de Benestar” que aglutine e coordine os servizos sociais que presta a Xunta de Galicia recuperando o proxecto impulsado polo anterior goberno da Xunta de Galicia.
- Aposta polo carácter público do servizo galego de saúde así como pola súa racionalización, mediante fórmulas de control do gasto farmacéutico (xenéricos, etc.) e reforzo da atención primaria. O financiamento do sistema de saúde farase pola vía impositiva.
- Aposta polo carácter público do sistema educativo, reducindo as transferencias a institucións privadas e potenciando o seu carácter laico e universal.
- Aposta por fórmulas empresariais sociais no ámbito dos servizos sociais.
- Recoñecemento da actividade e dos dereitos dos e das traballadores domésticos e coidadores.
- Alongamento do permiso de maternidade e paternidade confluindo cos estándares europeos.
- Combate á precariedade laboral, ampliación dos dereitos dos consumidores e usuarios.

Galicia, maio, 2012